ADISBISMUR

Asociación Discapacitados da Bisbarra de Muros



Información e Asesoramento a Persoas con Discapacidade no ano 2025

Información e Asesoramento

- Ten como obxectivo dar resposta as necesidades das persoas con discapacidade, ás súas familias, aos profesionais implicados nos temas da discapacidade e a entidades públicas e privadas.
- Durante o ano 2025 acudiron a este servizo un total de 205 persoas, 46 foron consultas presenciais e 128 consultas mediante chamada telefónica e 31 por outros medios

ADISBISMUR

Voluntariado

O proxecto de voluntariado desenvólvese en colaboración coa COGAMI.
Os servizos que presta ADISBISMUR son os seguintes:

- Tramitación e xestión dos protocolos de voluntariado
- Información e asesoramento en temas de voluntariado
- Formación aos voluntarios
- Entrevistas ás persoas que queren participar como voluntarias
- Reunións co grupos de voluntarios

ADISBISMUR conta normalmente con 10 persoas voluntarias para a realización das diferentes actividades de ocio e tempo libre,, tamén algunhas/uns das traballadoras/es da Asociación realizan tarefas de voluntariado fora do horario laboral. Neste ano 2025 realizaronse diversas charlas polos colexios e institutos dos concellos para a captación de voluntarios.

ADISBISMUR

FORMACIÓN QUE RECIBEU O PERSOAL DE

ADISBISMUR :

ADISBISMUR

Durante o ano 2025, o persoal do centro asisteu as seguintes actividades formativas:

Terapia acuatica 4 horas
Integración sensorial Ayres 40 horas
Excel intermedio e outlook web 30 horas
Emoción e conducta na persoa con demencia 20 horas
Prevención de riscos 2 horas
Sharepoint 28 horas
Xestión de nominas 2 horas
Contabilidade entidades 3 horas
Formación en materia LGTBIQ 60 horas
Prevención da violencia de xénero no traballo 2 horas
Metodoloxia Montessori adaptada ao envellecemento 2 horas
Excel básico 25 horas
Muller discapacidade e violencia de xénero 4 horas
Integración sensorial e as características nucleares do autismo 8 horas
Ingles intermedio 36 horas
Medidas e recursos para alcanzar a igualdade real das persoas LGTBI 2 horas
Actuación das empresas ante a violencia de xénero 2 horas

Servizo de Integración Laboral (SIL)

ADISBISMUR presta este servizo por medio da COGAMI, que envía un profesional, para que entreviste e asesore as persoas con discapacidade da bisbarra que así o soliciten, co fin de facilitar a súa inserción laboral.

No ano 2025:

Novos usuarios incorporados a bolsa do Sil: 7

- Muros: 1
- Mazaricos:0
- Outes: 6
- Carnota: 0

ADISBISMUR

Entrevistas de Orientación realizadas:32

- Muros: 7
- Carnota:
- Mazaricos:1
- Outes:24

Novas empresas visitadas: 2

Persoas insertadas: 9

- Muros: 2
- Mazaricos: 1
- Outes:6
- Carnota:

ADISBIBMUR

Servizo de Respiro Familiar

Seguimos realizando o programa de respiro familiar de fin de semana para as persoas con discapacidade da nosa bisbarra,

ADISBISMUR

Charlas de concienciación social

Durante o ano impartironse as seguintes charlas e talleres nos colexios e institutos da Bisbarra:

-Todo pode ser circular
-Mar plastico
-Economia circular
-Reducir reciclar,reutilizar
-Convivir na diversidade
-Desconecta a violencia: o perigo esta en liña

Asistiron un total de 340 persoas

ADISBIDMUR

Actividades Centro de Recursos de Valadares

ADISBISMUR

Alfabetización

A actividade de alfabetización asistiron un total de 49 usuarios/as (17 mulleres e 32 homes) O horario de esta actividade foi de luns a xoves de 10 a 12 da mañá, na aula tratamos de garantir a atención personalizada e adaptada a cada persoa .

O obxectivo xeral era fomentar o desenvolvemento das competencias básicas de lectura, escritura, e cálculo, das persoas con discapacidade, promovendo a súa autonomía persoal, a inclusión social e o acceso a unha vida máis plena e significativa, adaptando os procesos de aprendizaxe ás súas necesidades individuais.

O 57% dos/as usuarios/as que asisten a alfabetización son capaces de escribir o seu nome

O 34% de usuarios/as que asisten a alfabetización melloraron no cálculo.

ADISBISMUR

Informática

Na aula de informática seguimos levando a cabo unha estratexia educativa baseada no emprego das TIC, para o desenvolvemento persoal dos/as usuarios/as.Traballamos para que os/as usuarios/as adquiran coñecementos, técnicas e información, que permitan incrementar a participación na vida comunitaria e incrementar a autonomía persoal e social.

Obxectivo xeral:
Acender o ordenador

Obxectivos específicos:
Aprender a manexar as novas tecnoloxías de maneira axeitada.
Adquirir coñecementos, ferramentas e técnicas para o manexo do ordenador.
Mellorar o manexo do rato.
Manter a concentración no pc con programas adaptados a cada usuaria/o.

O **número total de usuarias/os que conseguiron acadar o obxectivo foi de 62%.**

ADISBISMUR

- # Logopedia

  A logopedia asistiron 15 usuarios/as, todos/as presentaron problemas de comunicación en xeral ou algunha alteración ou trastorno nos procesos asociados á comprensión e produción da linguaxe de calquera tipo (oral, escrito, xestual). O horario de logopedia foi de luns a venres de 10 a 13:30 e de 15:30 a 17 horas.

Con cada persoa traballase individualmente segundo a problemática que presente ,traballamos para Implantar un sistema de comunicación aumentativo e alternativo (SPC) ,incrementar o vocabulario e mellorar a vocalización
O indicador conseguido é que o 40 % dos/as usuarios/as presentaron mellorías na expresión verbal e incrementaron o vocabulario

ADISBISMUR

- **PEDAGOXIA**

A área de pedagoxía asistiron diariamente 17 persoas . Para levar a cabo este programa, establecéronse uns obxectivos xerais de actuación que posteriormente se individualizaron en funcións das características e necesidades de cada usuario/a.
Entre os obxectivos xerais atópanse:
Conservar habilidades xa adquiridas.
Adquirir novas habilidades funcionais no día a día.
Fomentar a orientación á realidade: orientación temporal, espacial, persoal…
Ralentizar /frear a perda de habilidades en casos de deterioro cognitivo.
Dotar de estratexias que favorezan a autonomía nas actividades do día a día.
Introducir sistemas de comunicación alternativos: pictogramas, signos…
Estimular funcións cognitivas: atención, memoria, planificación, razoamento, control inhibitorio, flexibilidade…
Intervir en condutas sociais desaxeitadas.
O 29% das persoas asistentes melloraron as súas habilidades e autonomia

ADISBISMUR

Fisioterapia

Durante o ano 2025 levouse o cabo o tratamento fisioterapéutico de 13 persoas, nun horario de 10:00 a 17:00 h co obxectivo de mellorar as súas capacidades funcionais, reducir a dor e favorecer a autonomía nas actividades da vida diaria. A intervención adaptouse de maneira individualizada as necesidades de cada un/unha, tendo en conta a súa patoloxía, idade, nivel funcional inicial e obxectivos terapéuticos específicos. resistencia física.
Ca resolución de alxias tentouse reducir a dor, tanto aguda como crónica e a restauración funcional das áreas afectadas.

O obxectivo foi manter ou mellorar as capacidades residuais cun indicador establecido no 30%, acadándose unha porcentaxe do 61,53%, resultando un indicador positivo.

ADISBISMUR

Terapia Ocupacional

A intervención dende TO dirixiuse a 37 usuarios/as, cos/cas que se traballaron actividades Básicas da Vida Diaria (ABVD): abarca as actividades de ducha e hixiene, alimentación, vestido, arranxo funcional e mobilidade funcional. Nesta área traballouse con 16 usuarios/as dos/as cales o 56.25 % conseguiron parte dos obxectivos .Actividades Instrumentais Vida diaria (AIVD): inclúe manexo de euros, limpeza do fogar, preparación de comidas e compras. Traballouse con 27 persoas, das cales o 62.97% alcanzaron parte dos obxectivos .Educación: comprende a potenciación das funcións cognitivo-perceptivas, atención, funcións executivas (memoria, razoamento, cálculo, secuenciación, planificación,…), traballaron nesta área 37 persoas , dos/as cales o 62.16 % conseguiron alcanzar unha mellora en parte dos obxectivos da área.Participación social: comprenden exercicios encamiñados a participación entre compañeiro/as e na sociedade de maneira axeitada. Participaron 6 usuarios/as, dos/as cales melloraron un 66.66%.A nivel físico: traballouse con exercicios que fomentaron a mobilización das partes afectas así como a xeración dun movemento normalizado segundo a capacidade do/a usuario/a.Traballouse con 6 persoas das cales alcanzaron parte dos obxectivos o 50%.

Educación Social

No ano 2025 atendéronse un total de 27 persoas

As características principais dos/as alumnos/as foron:

Déficit de atención, atraso no desenvolvemento cognitivo e grafomotricidade.

Dificultades na comunicación verbal e escrita.

Problemas de socialización e aceptación de normas.

Diversidade de necesidades cognitivas, emocionais e sociais.

O obxectivo xeral era aumentar os niveis de participación, integración e cooperación nas dinamicas e actividades grupais desenvoltas no centro **O indicador empregado para coñecer a consecución do obxectivo, foi a porcentaxe de persoas usuarias que amosaron unha mellora significativa nestes ámbitos. Durante o ano 2025, 17 usuarias/os, acadaron o obxectivo xeral, o que supuxo un 68 % de consecución.**

ADISBISMUR

HABILIDADES SOCIAIS:

AFEITADO:

O afeitado é unha actividade fundamental que busca fomentar a autonomía dos participantes. Desenvolveuse os martes, xoves e venres, de 10:00 a 10:30.

Obxectivo xeral: : Afeitarse con supervisión e guía

Participantes: 8 usuarios

Logros obtidos:Acadaron o obxectivo 5 usuarios (62,5%).Preparar os utensilios necesarios para realizar o afeitado de forma autónoma.

ADISBISMUR

Limpeza buco-dental: O obxectivo xeral é que os/as usuarios/as adquiriran unha correcta hixiene dental.

- Identiificar todas as partes da boca e a súa limpeza.
- Conseguir maior destreza e habilidade.
- Manter unha rutina na realización da tarefa.

Nº Usuarios/as: Todos/as

Horario: todos os dìas despois de comer.

ADISBISMUR

Limpeza de Baños:

Realizase nas mañás (10:00-11:00) e tardes (16:00-17:00) dos martes e xoves . Acudiron un total de 42 usuarios/as repartidos nas catro quendas, 15 usuarios/as nas dúas quendas dos baños de arriba e 27 usuarios/as nas dúas dos baños de abaixo.

OBXECTIVO XERAL:

Realizar a tarefa de xeito autónomo.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

Saber usar os útiles.

Conseguir maior destreza e habilidade nas tarefas.

Reforzar e potenciar unha aptitude de iniciativa propia nas labores.

Fomentar a colaboración, apoio e igualdade entre os/as compañeiros/as.

LOGROS OBTIDOS

- O 73% usuarios/as souberon utilizar os útiles de limpeza.
- O 48% usuarios/as conseguiron unha maior destreza e habilidade nas tarefas.
- O 48% usuarios/as amosaron unha maior autonomía na realización das tarefas.

Manexo da lavadora:

A esta actividade asistiron 14 usuarios/as,. Tivo lugar de luns a venres en horario de mañá. Nel tratouse de ensinar o funcionamento e a posta en marcha da lavadora, diferenciar os distintos tipos de lavado, a roupa de cor e negra e o dobrado.

O obxectivo xeral era ser autónomo/a na posta da lavadora e no tendido da roupa.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

Adquirir os coñecementos básicos sobre o manexo e funcións da lavadora.

Adquirir destreza no tendido de roupa.

LOGROS OBTIDOS

O 64 % adquiriu os coñecementos básicos sobre o manexo e funcións da lavadora.

O 57 % adquiriu destreza no tendido de roupa.

Ferranchado da roupa

O ferranchado de roupa realizouse individualmente con supervisión da monitora de luns a xoves entre ás 11:00 e ás 12:00 horas. Acudiron a ela un total de 12 usuarios/as . Cada un/unha deles/as fixo esta práctica dúas mañás por semana cunha duración de 15 minutos aproximadamente, en función do grupo no que lle tocase, os luns e os martes ou os mércores e os xoves.

O obxectivo xeral era fomentar a autonomía persoal na actividade do ferranchado e do dobrado.

OBXECTIVO XERAL:

Fomentar a autonomía persoal na actividade do pranchado e do dobrado.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

Aprender a técnica do pranchado.

Dobrar a roupa de xeito correcto.

LOGROS OBTIDOS

- O 67 % aprenderon a técnica do pranchado da roupa.
- O 75% aprenderon a dobrar a roupa correctamente.

-

ADISBISMUR

Atado de Cordóns:

Esta actividade buscaba que as persoas con discapacidade lograran maior independencia. Realizouse de luns a xoves, de 10:00 a 12:00, e organizouse en dous grupos.

Obxectivo xeral: Conseguir realizar o primeiro nó.

Obxectivo específico: Mellorar a destreza na coordinación e motricidade fina necesaria para atar cordóns.

Nº Usuarios/as: 7

Logros obtidos:Acadaron o obxectivo 4 persoas (57,14%).

Apréciase unha mellora respecto aos rexistros anteriores.

ADISBISMUR

COMPRA SEMANAL: O obxectivo xeral era que os/as usuarios/as se desenvolveran de xeito autónomo facendo a compra no supermercado.

- Orientarse dentro do espazo de compra.
- Identificar os produtos que se necesita mercar.
- Facer o pago de xeito correcto.

Nº Usuarios/as: 2 semanais

Horario: Luns pola mañan .

O 93% foron capaces de recoñecer e coller os produtos necesarios da lista de compra

O 80% logrou ubicarse dentro do supermercado

O 40% realizaron o pago da compra de forma autónoma

Manexo do reloxo:

A actividade centrada no uso do reloxo pretendeu facilitar a comprensión e o manexo do tempo en persoas con discapacidade. Levouse a cabo de luns a xoves de 10 a 12 da maña, na aula de informática.

Obxectivo xeral: Colocar as horas nunha plantilla.
Os obxectivos específicos eran:
-Identificar a hora do día.
-Diferenciar as agullas do reloxo (horas e minutos).
-Comprender as horas “en punto”.

Nº Usuarios/as: 13

Horario: Martes e Xoves:
Logros obtidos:Acadaron o obxectivo 5 persoas (38,46%).

Detéctase un avance progresivo na comprensión das horas “en punto”.

Manexo do Euro:

A actividade tivo como finalidade mellorar a autonomía no uso do diñeiro, traballando o recoñecemento de moedas e billetes e as habilidades necesarias para realizar pequenas compras.
Obxectivo xeral: recoñecer as moedas e billetes

Nº Usuarios/as: 19

Horario: Martes e Xoves: De 10:00 a 12:00h
Logros obtidos: Acadaron o obxectivo 9 persoas (47,37%).

Obsérvase unha evolución positiva na adquisición da autonomía no manexo do euro.

Posta e Recollida do Comedor:

Nesta actividade participaron un total de 34 usuarios/as, divididos en varios grupos cada día da semana. O horario de colocacion dos servizos nas mesas era as 12:30 e a súa recollida e posterior limpeza de 15:15 .

O obxectivo xeral era incrementar a autonomía persoal na posta e recollida do comedor.

Os obxectivos específicos eran:

Reforzar hábitos de hixiene persoal.

Presentar iniciativa na actividade de posta e limpeza de comedor.

Adquirir unha maior destreza nas labores domésticas.

LOGROS OBTIDOS

O 44 % dos/as usuarios/as presentaron hábitos de hixiene (lavado de mans) antes de acudir á actividade.

O 82 % presentan iniciativa na actividade.

O 53 % adquiriron unha maior destreza nas labores domésticas.

Taller de Cociña:

A este taller asistiron 22 usuarios/as, divididos en catro grupos. Tivo lugar todos os mércores de 11:00 a 12:00 e cada grupo participaba un mércores ao mes, supervisado pola monitora responsable da actividade e polo cociñeiro.

O obxectivo xeral era propiciar a autonomía persoal na actividade de cociña.
Os obxectivos específicos eran
-Ter predisposición na actividade de cociña.
-Participar na manipulación e cociñado dos alimentos.
-Mellorar a destreza nas técnicas culinarias.
LOGROS OBTIDOS
O 86 % dos/as usuarios/as presentaron predisposición na actividade de cociña.
O 100 % participaron na manipulación e cociñado básico dos alimentos.
O 59 % melloraron a destreza nas técnicas culinarias de xeito favorable.

ADISBISMUR

Taller de Costura:

O taller de costura levouse a cabo os martes e os xoves de once a doce da maña, coa asistencia de 23 usuarios/as, doce homes e once mulleres. O taller estaba deseñado para persoas con discapacidades diversas, adaptando as clases e actividades a necesidades e niveis individuais de cada usuario/a

O obxectivo xeral era promover o desenvolvemento persoal e social das persoas con discapacidade mediante a ensinanza de técnicas de costura.

ADISBISMUR

TALLER DE ANIMACIÓN Á LECTURA.

A actividade asistiron 25 usuarias/os. As sesións desenvolvéronse na aula de informática, mantendo o horario habitual dos mércores, de 15:30 a 17:00 horas, cunha duración dunha hora por sesión.
O obxectivo xeral era fomentar o gusto pola lectura e o pensamento crítico.
Os obxectivos específicos eran:

- Facilitar a participación activa e a expresión de opinións propias.
- Estimular a creatividade e a imaxinación.
- Ampliar o vocabulario e mellorar a comprensión lectora.
- Traballar a comprensión e a expresión oral e escrita.

Durante o ano 2025, **16 persoas usuarias acadaron o obxectivo xeral**, o que supón unha porcentaxe de consecución do **66,66%** do total.



Taller de Teatro

O obradoiro de teatro asistiron 31 usuarios/as , repartidos en tres quendas dous días a semana no seguinte horario, martes de 12:00h a 13:00h e os venres de 10:00h a 11:00h e de 12:00h a 13:00h.

OBXECTIVO XERAL

Estimular a imaxinación e a creatividade, como tamén fomentar a integración social e autonomía.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Desenrolar a expresión corporal, verbal e rítmica

Estimular as capacidades cognitivas

Estimular e desenrolar a imaxinación e a creatividade.

Fomentar aptitudes de carácter social e interpersoal.

OBXECTIVO XERAL CONSEGUIDO E DE 32 % + -

OBXETIVOS ESPECIFICOS CONSEGUIDOS O 41 % +-

Taller Cestería

No taller de cestería tratamos de promover o desenrolo social e cognitivo das persoas con discapacidade mediante a práctica da cestería como actividade terapéutica e creativa.

Ao taller asistiron, durante o ano 2025, 46 usuarios/as rotándose en tres grupos semanalmente repartidos en 3 talleres diferentes : viveirismo, cerámica e cestería. O horario era de 15:30 a 17:00 da tarde.

OBXECTIVO XERAL:

.Mellorar a coordinación motora e a destreza manual a través do manipulado do mimbre para a creación de produtos de cestería.

Obxectivos específicos:

-Desenvolver a motricidade fina e a coordinación óculo-manual.

-Potenciar a concentración e a atención.

-Favorecer a expresión creativa.

-Promover o traballo en grupo e as relacións sociais.

-Coñecer e aplicar técnicas básicas de cestería.

-Potenciar a autoestima mediante a elaboración de pezas de mimbre.

-Fomentar o traballo en equipo e a colaboración dos/das monitores/as.

-Desenrolar hábitos de responsabilidade e constancia.

INDICADORES:

-O 58% dos/as usuarios/as que asisten a Cestería saben traballar cunha guía.

-O 46% dos usuarios/as que asisten a Cestería saben facer o enxertado en táboa correctamente

Taller de Viveirismo

Imparteuse en horario de 15:30h ata 17:00h de luns a venres, participaron 50 usuarios/as .

OBXECTIVO XERAL :

Formación, inserción laboral e autonomía persoal.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Relacionados co viveiro

Adquirir coñecementos básicos en técnicas de viveiros.

Empregar e distinguir ferramentas manuais básicas e profesional de batería ou gasolina.

Traballar a concentración e a continuidade nas tarefas.

Contribuír a adquisición de hábitos de traballo, seguridade, saúde e hixiene.

Relacionados coa agricultura ecolóxica

Identificar as partes das plantas

Entender o concepto de agricultura ecolóxica.

Porcentaxe do obxectivo xeral 26% + -

Porcentaxe dos obxectivos específicos é dun 70 % + -

Taller Cerámica

Este taller , levouse a cabo en horario de 15:30 a 17:00 horas. No ano 2025 pasaron por este taller 50 persoas .

As actividades realizadas neste taller están adaptadas as capacidades de cada usuario/a, así, unhas persoas traballan elaborando pezas coa técnica de churros usando as tornetas, outras con pranchas, outras con moldes, outras colaborando nas tarefas da prensa, outras reciclando barro, outras moldeando, etc.

A maior parte da produción do taller centrouse en diferentes pezas como cuncas de viño, xerras, cazolas e pratos para festas gastronómicas e o deseño e elaboración de trofeos para eventos deportivos e sociais.Ademais, tamén se organizaron actividades formativas cos colexios, institutos e outras entidades, nas que os/as usuarios/as deste taller ensinaron aos alumnos as técnicas para a elaboración de pezas con barro.

En canto ao indicador: Porcentaxe de persoas que son capaces de realizar unha peza de cerámica aceptable de forma autónoma e manter limpo e ordenado o posto de traballo, este ano acadouse un 46,80%.

ADISBISMUR

Taller de Manualidades

Esta actividade foi deseñada co obxectivo de fomentar o desenrolo persoal, social e cognitivo dos/as participantes.
Asistiron 49 usuarios/as, (32 homes e 17 mulleres) os venres en horario de maña.
O obxectivo xeral era Proporcionar un espazo creativo e terapéutico onde os/as usuarios/as expresan a sua destreza manual, fomentan o traballo en equipo

Bailoterapia

Os/as usuarios/as gozan desta actividade mellorando o seu estado de ánimo e adquirindo novas habilidades o cal incide na mellora física xeral e intentar, nalgúns casos, seguir mantendo as capacidades que xa tiñan.

Nesta actividade tivéronse en conta as distintas limitacións das persoas usuarias, promovendo as adaptacións necesarias en cada caso, para que todas elas as podan realizar e sexan totalmente partícipes.

A actividade estivo destinada a todas as persoas usuarias. Desenrolouse na pista de Baloncesto nos meses de outono e inverno, e na zoa de fora nos meses de primavera e verán. Cada sesión tivo unha duración de 1 hora , nas mañás dos martes e xoves de 12:15 a 13:15.

OBXECTIVO XERAL:

Mellora xeral da condición física do/a usuario/a.

Dinamicas grupais:

O obxectivo é fomentar as habilidades sociais e mellorar as relacións grupais

Nº Usuarios/as: 20

Horario: Venres de 10:00 a 12:00 h.

ATENCIÓN PSICOLÓXICA:

O funcionamento da área de atención psicolóxica tivo, como obxectivo fundamental, promover o benestar emocional e o crecemento persoal dos/as usuarios/as.

Ademais, establecéronse unha serie de obxectivos específicos que foron:

Diminuír a sintomatoloxía psicopatolóxica.

Acadar unha autoestima saudable.

Incrementar as habilidades sociais.

Mellorar as competencias emocionais.

Lograr unha convivencia e interacción social adecuada entre os/as usuarios/as.

Nº Usuarios/as: 17

Horario: De luns a venres

Lograron o obxectivo xeral o 47% dos/as usuarios/as

Conseguiron disminuir a sistomatoloxia patolóxica o 71%, a autoestima un 50%, as habilidades sociais un 31%, o compoñente emocional un 57% e a convivencia un 67%

Deportes e ximnasia de mantemento

O obxectivos xeral da actividade era mellorar as condicións físicas do/a usuario/a

Os obxectivos específicos eran :

-Mellora da forza e ton muscular.
-Aumento do rango articular e diminución da rixidez nas articulacións.
-Prevención de deformacións futuras.
-Integración das áreas afectas.
-Mellorar a motricidade grosa.

Nº Usuarios/as: 50
Horario: Luns, mércores e Venres, (1 hora)

ADISBISMUR

DINAMICAS GRUPAIS

As dinámicas grupais tiveron lugar os venres pola mañá en horario de 10:00 a 12:00 incluíndose a un total de 46 usuarios/as. Nesta actividade traballáronse técnicas grupais destinadas a mellorar as habilidades sociais e a integralidade das persoas tendo en conta a **área social, cognitiva, psicosocial, motora, etc.** caracterizándose por ser lúdica, educativa e psicoterapéutica.

OBXECTIVO XERAL:

Mellorar as relacións e habilidades sociais coas persoas do entorno.

LOGROS OBTIDOS

O 76% das persoas usuarias participaron de forma activa nas actividades e xogos propostos.

O 83% dos/as usuarios/as tiveron un comportamento axeitado cos/as compañeiros/as e coa monitora no desenvolvemento da actividade.

O 78% logrou cumprir coas regras e normas requiridas polas actividades.

INDICADOR

O 76% dos/as integrantes melloraron as relacións e habilidades sociais coas persoas do entorno.

ADISBISMUR

Natación Terapeutica

A natación probablemente sexa un dos deportes máis inclusivos, xa que o/a usuario/a, no medio acuático pode realizar actividades que serían imposibles fóra do mesmo, grazas a anulación do efecto da gravidade.

Nº Usuarios/as: 28
Horario: Mercores (11:00 a 13:30h)

Excursións, saídas e outras actividades de lecer


















365 AS
POLA IGUALDADE
8M
DÍA INTERNACIONAL
DA MULLER



12/01/25: XIV Festival Benéfico Adisbismur na casa da cultura de Mazaricos.
19/01/25: XIV Festival Benéfico Adisbismur na casa da cultura de Outes.
23/01/25: Participamos na actividade de Red Natur, na plantación de árbores en Vista Alegre, no concello de Outes.
06/02/25: Participamos na carreira solidaria que organizou o CEIP DE OUTES a favor de ADISBISMUR.
03/03/25: Luns de Entroido, concurso de disfraces no centro ocupacional, e rematamos cunha festa con comida e doces típicos do entroido.
04/03/25: Visitamos o centro de día de Outes, disfrazados de pixama.
05/03/25: Participamos no Enterro da Sardiña, no concurso de comparsas do concello de Outes
02/04/25: Asistimos o teatro " A Burra – A Mesa- e o Pan", no salón de Teatro de Santiago de Compostela.
03/04/25: Realizamos un X solidaria, coa colaboración do IES FONTEXERÍA, AS INSUAS, RAMÓN DE ARTAZA E O GOBERNO MUNICIPAL, na praza do concello de Muros
07/04/25: Obradoiro de cestería e cerámica no IES AS INSUAS.
09/04/25: Obradoiro de cestería e cerámica no IES FONTEXERÍA.
10/04/25: Visita dos alumnos/as de 3º e 4º de primaria do colexio Ricardo Tobío de Esteiro ao centro ocupacional e realizan obradoiros de cerámica e cestería.
17 ,18 e 19 /04/25: Participamos na feira de Vindemo ver de Carnota, con un posto cos nosos produtos feitos polos usuarios/as e realizamos obradoiros de cestería e cerámica.

ADISBISMUR

14/05/25: Representamos duas obras de teatro na casa da cultura de Muros. “ A máquina do Tempo” e “ En Efectivo ou con tarxeta”.
15/05/25: Vamos ver unha obra de teatro “ Bicos con lingua” a casa da cultura de Muros.
21/05/25: Recibimos aos alumnos/as de infantil do colexio Ricardo Tobío de Esteiro o centro ocupacional e realizan obradoiros de cestería e cerámica.
27/05/25: Recibimos a visita o centro ocupacional de Valadares dos alumnos/as do taller de memoria do concello de Outes
29/05/25: Excursión a praia de Broña, no concello de Outes.
06/06/25: Visitamos o colegio de Louro e facemos obradoiros de cestería e viveiros.

17/06/25: Excursión a Boiro o mercadiño e logo disfrutamos dunha xornada de praia.
19/06/25: Obradoiro de cerámica , no colexio de Outes.
20/06/25: Obradorios de cerámica , cestería , viveirismo e deporte adaptado no colexio de Ramón de Artaza e Malvárez de Muros.

ADISBISMUR

4,5 e 6/07/25: Participamos nas Xornadas Mariñeiras Muros Mira o Mar, con un posto de venda de productos e obradoiros de cestería e cerámica.
07/07/25: Obradoiro de cestería no local da Asociación Paseniño, no concello de Cee.
08/07/25:Churrascada a beira do Río Tines en Outes.
10/07/25: Excursión a Portonovo; Bautismos de Mar e xornada de praia.
11/07/25: Asistimos a festa de San Cristovo de Corzón, no concello de Mazaricos.
14/07/25: Obradoiro de Viveiros no local da Asociación Paseniño no concello de Cee.
15/07/25: Xornada de praia en Broña, no concello de Outes.
24/07/25: Xornada de praia en Liñares, praia de Abelleira no concello de Muros.
28/07/25: Obradoiro de Cerámica no local da asociación Paseniño no concello de Cee.
30/07/25: Excursión o aquapark de Cerceda.
02/08/25:III Festa Benéfica dos callos ADISBISMUR.
24/09/25: Excursión PROXECTO GAVEA, en Muxía

ADISBISMUR

- 17/10/25: Participamos na difusión do proxecto medioambiental da Aula dos Outeiriños, no porto de Muros.
  24/10/25: Participamos nos XOGOS POPULARES organizados pola asociación Integro.
  30/10/25: Facemos o Magosto, con taller de cabazas e obradoiro de doces típicos do autono no centro ocupacional.
  31/10/25: Co motivo de samaín organizamos unha xincana temática, para elaborar probas de carácter psicomotriz, sensorial e cognitivo.
  4/11/25: Excursión a Santiago o cine as Cancelas a ver a película de " Como entrenar a tu dragón"
  25/11/24: Realizamos actividades e talleres no centro ocupacional co motivo do día contra a violencia de xénero, e participamos na concentración contra a violencia no concello de Outes e no concello de Muros.
  3/12/24: Co motivo do día da discapacidade facemos unha xornada de portas abertas no centro ocupacional e poñemos un posto cos nosos produtos feitos polos/as usuarios/as, nos concello de Carnota, Mazaricos, Outes e Muros
  14/12/25: XV Festival Benéfico ADISBISMUR, no concello de Mazaricos.
  18/12/24: Facemos a comida de Nadal, onde nos reunimos os/as usuarios/as e monitores/as e comemos todos xuntos na casa Peto de Outes.
  19/12/25: Festa de Nadal organizada polo concello de Outes no centro social.
  21/12/25: XV Festival Benéfico ADISBISMUR, no concello de Muros.
  23/12/25: Festa de nadal ca visita de Papa Noel, e doces navideños no centro ocupacional de Valadares.

ADISBISMUR

REUNIÓNS COAS ADMINISTRACIÓNS:

11/03/25: Reunése Fina co alcalde de Mazaricos, para tratar temas de limpeza nas cabañitas de Naturmaz, por si nos interesa que o fagan persoas con discapacidade.
12/03/25: Reúnese fina e o presidente de Adisbismur no galp de Noia con Manuela; para tratar do tema da residencia e saber si se poden pedir axudas na subvención do Galp.
14/03/25: Asamblea do Galp, no edificio de Sel en Muros, asiste Fina e o presidente de Adisbismur.
04/04/25: Reúnese Fina, con un traballador de ADISBISMUR, co concelleiro Andrés, para tratar o tema da festa dos callos, en que nos poden axudar e con que poden colaborar.
13/05/25: Reúnese Fina e Moncho, no concello de Muros ca alcaldesa e os concelleiros para tratar temas de xardinería.
30/05/25: Asiste Fina a Asamblea de Cogami.
02/06/25: Reúnese Fina no concello de Muros ca alcaldesa e os concelleiros para tratar o tema de accesibilidade as praias do concello.
05/06/25: Asiste Fina a Asamblea de Deloa.
09/06/25:Reunense representantes de Deloa no centro ocupacional de valadares con Fina, para ver o funcionamento do centro.
20/06/25: Asamblea Cegasal, asiste como representante de Adisbismur o presidente Ramón Sestayo.
12/09/25: Reúnese Fina, con Manuela do Galp no centro ocupacional para falar da subvención Pinea.

16/09/25: Asiste Benigno e Antonieta as xornadas de voluntariado da Xunta de Galicia que se celebraron na da cidade da cultura.

18/09/25:Reúnese Fina co goberno municipal de OUTES para tratar temas de axudas e subvencions.

21/10/25: Reúnese Fina, Alicia a Educadora Social do centro e Ismael o psicologo ca representante do CIM do concello de Outes, para tratar o tema do dia contra violencia de xénero (Actividades, Obradoiros, Charlas....)

28/10/25: Reúnese Fina, Alicia a Educadora Social do centro e Ismael o psicologo ca representante do CIM do concello de Muros, para tratar o tema do dia contra violencia de xénero (Actividades, Obradoiros, Charlas....)

11/11/25: Reúnese Fina Telematicamente co representante de paidea, para tratar temas de subvencións.

12/11/25: Reúnese Fina telematicamente co reponsable da Once, para temas de subvencions e axudas.

18/11/25: Reúnese Fina telematicamente ca responsable de contabilidade de Cogami, para tratar do tema contable de Facenda.

26/11/25: Reúnese Fina telematicamente co representante da deputación para tratar temas de subvencións.

26/11/25: Reúnese Fina telematicamente co representante da deputación para tratar temas de subvencións.
28/11/25: Asiste Fina os premios AGADER no hotel san Francisco en santiago de Compostela.
11/12/25: Reúnese Fina telematicamente co representante de contabilidade de Cogami, para tratar do tema de Verifactur.

ADISBISMUR

SUBVENCIÓNS 2025

- XUNTA DE GALICIA: Programa de cooperación - 34.560 €
- DEPUTACIÓN A CORUÑA: Cambio de portas e fiestras – 24.070 €
- DEPUTACIÓN A CORUÑA: Respiro familiar - 11.681,56 €
- DEPUTACIÓN A CORUÑA: Transporte adaptado - 35.160 €
- GAPL-AULA DOS OUTEIRIÑOS: Anos 2024-2025) – 14.522 €
- XUNTA DE GALICIA: IRPF Equipamento talleres(ano 2026)- 16.550,58 €
- _CONCELLO DE OUTES: Taller de lectura 2.000 €
- CONCELLO DE MUROS: Dinamicas grupais 1.185 €
- GALP : Proxecto pinea (anos 2024-2025) 76.440 €
-

ADISBISMUR

INGRESOS ANO 2025

1.-INGRESOS DA ACTIVIDADE PROPIA.....467.596,96 €

Cuota de socios.....3.650€
Cuota usuarios/as Centro.....105.342,20 €
Ingresos de promocións, e colaboradores.....59.076,68 €
Subv,doazons e legados imput.a rdos exercicio.....299.528,08 €

Esta partida de subv e legados, inclue as subvencións executadas no ano 2025
Cooperación 2024.....28.543,70 €
Cooperación 2025..... 4.312,77 €
Deputación FOAXE..... 11.681,56 €
Deputación FOIE..... 24.070 €
Galp outeiriños..... 1.750 €
Galp PINEA..... 5.976,86 €
Concello de Muros..... 1.185 €
Concello de Outes..... 2.000 €
Doazon particular.....198.838,19 €
Doazons persoas xuridicas..... 20.170 €
Bonificación formación continua..... 1.000 €

2.-VENDAS E OUTROS INGRESOS DA ACTIVIDADE.....712.084,18 €

Prestación de servizos, prazas C.O e C.D.....712.084,18 €

TOTAL INGRESOS 2025..... 1.179.681,14 €

GASTOS ANO 2025

1.- APROVISIONAMENTOS……..……..55.937,38 €
COMPRAS DE BENS DESTINADOS ACT ……..8.764,12 €
COMPRAS DE PDTOS ALIMENTACION ……..…31.085,41 €
COMPRAS DE OUTROS APROVISIONA ……...3.092,53 €
TRABALLOS OUTRAS ENTIDADES ……..……12.995,32 €
1.1.- GASTOS por colab.e do órgano de goberno……..……..…… 115,58 €

2.-GASTOS DE PERSOAL……..….631.932,60 €
Salarios..... 476.397,6 €
S. Social....., 153.835 €
Gastos formación persoal……..……..…1.700 €

4.- OUTROS GASTOS DE EXPLOTACIÓN……..….145.439,97 €
Alugueres e canons.....…..... 954,28 €
Reparacións vehículos….....…..... 16.824,50 €
Resto de reparacións e conservacións……..…….. 45.369,59 €
Servizo De profesionais independentes……..…12.808,86 €
Seguros vehículos, nave R.P. accide.....….....10.550,71 €
Servizos bancarios.....….....728,24 €
Publicidade e propaganda.(placas).....….....456,65 €
Combustible furgonetas …….....…..... 32.351,78 €
Combustible calefacción …….....…..... 4.582,75 €
Electricidade.....…..... 7.637,07 €
Correos.....…..... 119,90 €
Desprazamentos e dietas …….....…..... 808,60 €
Suscripcions e cuotas.....….....35 €
Telefono.....…..... 1.452,86 €
Material oficina…….....…..... 4.291,45 €
Prevencion de riscos.....…..... 1.762,25 €
Gastos actividade…….……..1.474,66 €
Tributos,impostos e tasas…….....…….....1.048,26 €
Peaxes.....…..... 576,16 €
Outros gastos.....…..... 1.606,40 €
Amortizacións..... 76.530,91 €

TOTAL GASTOS 2025..... 909.840,86€


Coca-Cola
Coca-Cola
Coca-Cola


-Super Oferta-
3 pares de
calcetines
POR -2 Euros-
VANS
OFF THE WALL


JEANS DEPT
NIKE


RESTOS DE FRUTAS,SERVILLETAS
PAPEL DE COCINA,RESTOS DE
BARRER,MADERA,RAMAS,PLANTA
S,ENVOLTORIOS DE COMIDA...








XAI
XAI
NON




ADISBEMUR
Lacasitos


Praza do Viñal
Capela do Carme
Mercado
FARO






Pensando en
Aseos
Caixeiros
Cajeros
ATM




LONDON
EATIVITY


PEDALNET
9213GMJ




SILK SKIM


EXTINTOR


XUNTA




LOCAL
VISITANTE
Bingo






ADISBGMUR
CORRO POR
UN MUNDO


CHICAGO





